

ARIEL

Lois Patiño, 2025

1640

PREESTREA EN NUMAX: 10.12.2025 | V.O. | +7 | 108 min

Unha actriz viaxa ás Azores para actuar n'A tempestade de William Shakespeare, pero ao chegar non encontra nin compañía nin teatro. Tras coñecer a Ariel, descobre que a obra xa comezou: a illa enteira é un teatro e os seus habitantes son personaxes.

«Patiño tenta, con audacia e simpatía, combinar o xogo lingüístico de Shakespeare cos seus propios dotes para o encantamento»

David Katz, CINEUROPA



Entrevista con Lois Patiño: «Quixen adentrarme na ficción e a experiencia emocional dos personaxes»

Por Mauro Lukaseivicz

Ariel parece continuar coa túa exploración do onírico e o espectral no cinema.

Como xurdiu a idea desta película? O proxecto naceu hai moitos anos, cando nos convidaron a Matías Piñeiro e a min a realizar unha película xuntos. Matías propúxome traballar ao redor d'*A tempestade*, porque nese momento el aínda estaba mergullado en Shakespeare. Esta obra pareceunos un punto de encontro natural porque é a que máis presenza da natureza ten dentro de Shakespeare, pero non como un simple pano de fondo, senón como unha natureza animista, poboada de espíritos. Aí atopamos un territorio común onde dialogaban os nosos universos: Matías desde a súa exploración do teatro e eu desde o meu traballo coa paisaxe e o espectral. A partir de aí, empezamos a extraer os elementos que nos interesaban para desenvolver a película. Non queríamos unha adaptación directa, senón un punto de partida desde o cal proxectar as nosas inquietudes e fantasías.

Creo que Ariel fusiona o sensorial co narrativo moi ben. Como describirías a túa evolución cara á ficción con esta película, especialmente despois do teu traballo en proxectos máis experimentais? Na miña evolución como cineasta, noto que cada vez teño unha maior vontade de mergullarme na ficción, no relato, na narrativa. Veño dun cinema moi ligado á imaxe, practicamente da videoarte, onde o peso recaía máis no conceptual, na exploración da linguaxe cinematográfica desde unha perspectiva plástica e poética. Tamén tiña unha sensibilidade marcada cara ao contemplativo, o pausado... E o contemplativo é, en certo sentido, o contrario da acción. Entón, as miñas primeiras películas estaban moi baleiradas de elementos narrativos tradicionais: non había relato, non había psicoloxía nos personaxes.

Que che interesaba explorar nese momento? Interesábame explorar a linguaxe cinematográfica desde os seus ingredientes máis esenciais: o espazo e o tempo. Nos meus primeiros proxectos, traballei a distancia como elemento narrativo; logo, noutros, explorei a inmovilidade no tempo. Isto é algo que se ve en *Costa da Morte* e nas curtametraxes previas a esa película. Despois, en *Samsara*, empecei a experimentar coa luz e o son dunha maneira esencial. A parte central desa película, onde se convida ao espectador a pechar os ollos, xurdiu como un intento de levar a experiencia cinematográfica a un punto cero, de propoñer outra forma de vivir o cinema. Pero tamén en *Samsara* empecei a introducir pequenas ficcións, relatos mínimos que se nutrían moito do documental antropolóxico, construíndo personaxes a partir de persoas reais e as súas biografías. Con *Ariel*, este paso cara a unha narrativa máis definida e un maior desenvolvemento dos personaxes vén impulsado, en gran parte, pola miña colaboración con Matías Piñeiro. É un salto importante. Se traballase só, seguramente esta evolución sería máis pausada, pero alégrame ter a oportunidade de aprender de alguén a quen admiro tanto. Matías traballou moito con estruturas narrativas, e o seu cinema atopa o seu carácter máis experimental precisamente nesas construcións narrativas. No meu caso, o experimental vén máis desde o sensorial e o plástico. Así que, en certo xeito, complementámonos.

Ariel é un primeiro paso nesa exploración do relato de ficción. Quería que a película fluíse ben narrativamente e que o espectador puidese sentirse identificado con Agus, o personaxe principal. Ela é a áncora emocional da película: todo o que a rodea xera estrañamento, pero con ela debemos conectar desde as emocións. Así que si, hai unha vontade pola miña banda de ir sumando novas capas ao meu cinema. Manteño a experiencia sensorial, o onírico e o espectral en canto á atmosfera, pero agora quero integrar tamén a ficción e a experiencia emocional e psicolóxica dos personaxes.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

La tempestad,
William Shakespeare.
Cátedra